



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 2001/1102

ASUNTOS PARA INCLUIR NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19 DE DECEMBRO DE 2025.

- 1.- APROBACIÓN ACTAS: acta da sesión ordinaria do 12 de decembro de 2025.

ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

- 2.- Proxecto de convenio con CIVIS GLOBAL SL para o desenvolvemento do Plan Nacional de Territorios Intelixentes da Axenda Dixital para España. Piloto de Edificios intelixentes. Expte. 10700/113.

ASESORÍA XURÍDICA

- 3.- Dar conta da relación de sentenzas e outras resolucións xudiciais. Expte. 20024/111.

BENESTAR SOCIAL

- 4.- Proposta de aprobación do “Programa contra desafiuzamentos e de Emerxencia Social para o ano 2026” e das axudas de transporte para persoas con discapacidade “Bono-Taxi”. Expte. 289611/301.

CONTRATACIÓN

- 5.- Proposta de aprobación da Plan anual de contratación do Concello de Vigo-ano 2026. Expte. 7123/241.

EDUCACIÓN

- 6.- Nomeamento de representantes municipais nos Consellos Escolares dos Centros de Ensino Público de educación infantil, primaria e secundaria. Expte. 99459/332.

EMPREGO

- 7.- Proposta de aprobación de proxecto Obradoiro de Emprego “VIGO CAPACITA XI” e solicitude de subvención á Consellería de



Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia. Expte. 21906/77.

MEDIO AMBIENTE

- 8.- Expediente de contratación do servizo de organización, dinamización e execución de actividades de sensibilización, educación e voluntariado medioambientais. Expte. 18992/306.

MONTES, PARQUES E XARDÍNS

- 9.- Expediente de contratación do subministro de especies vexetais. Expte. 51477/446.

RECURSOS HUMANOS

- 10.- Adxudicación do posto de traballo de Xefatura de Electromecánicos polo procedemento de concurso específico. Expte. 46749/220.
- 11.- Adxudicación do posto de traballo de Xefatura de Museos municipais polo procedemento de concurso específico. Expte. 46508/220.

SEGURIDADE

- 12.- Proposta de aprobación definitiva do Proxecto de Zonas de Baixas Emisións. Expte. 142482/210.

TURISMO

- 13.- Expediente de contratación do servizo de recreación virtual da Vila de Bouzas no marco do PRTR-financiado pola Unión Europea-Next Generation EU. Expte. 8935/104.
- 14.- Resolución da convocatoria específica para a concesión de subvencións para a organización de eventos ou congresos de interese turísticos no ano 2025. Expe. 8943/104.

URBANISMO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/12/2025 13:13	Páxina 2 de 4
2001-1102	CSV: AAA8DF-E74A8E-B2A5A5-KKXXRZ-DRKSXK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 2001/1102

- 15.- Dar conta do pase á vía de constrinximento de multas urbanísticas. Expte.18538/407.
- 16.- Aprobación do texto inicial do convenio urbanístico de execución de planeamento, Zona 7 Praza de España, sobre as parcelas sitas entre as rúas Emilia Pardo Bazán, Avenida de Madrid, Conde de Gondomar e Avenida Gran Vía. Expte. 5359/401.
- 17.- Aprobación inicial do proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos do “Plan Especial de Infraestruturas para o novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo, en San Andrés de Comesaña”. Expte. 296/413.
- 18.- Rogos e preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes para a súa inclusión na orde do día, convoco á Xunta de Goberno Local para realizar sesión ORDINARIA na Alcaldía o día **19 de decembro de 2025, ás 9,00 h.** en primeira convocatoria e, de non existir quórum, unha hora despois en segunda convocatoria, para resolver os asuntos da devandita relación.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Xunta de Goberno Local comunicándolle que o expediente da convocatoria da sesión máis os expedientes incluídos na orde do día se atopan a súa disposición mediante o seu acceso electrónico na xestión de expedientes.

Así mesmo, notifíquese á titular da Asesoría Xurídica, ao interventor xeral, á Secretaria do Goberno e ós demais membros do grupo político municipal do PSdeG-PSOE e publíquese na sede electrónica do Concello de Vigo aos efectos do público coñecemento.

SGF/me.

Vigo, na data da sinatura dixital.

A CONCELLEIRA SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.



Copia do documento - Concello de Vigo
2001-1102

Data impresión: 18/12/2025 13:13 Páxina 3 de 4
CSV: AAA8DF-E74A8E-B2A5A5-KKXXRZ-DRKSXK-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/12/2025 13:13	Páxina 4 de 4
2001-1102	CSV: AAA8DF-E74A8E-B2A5A5-KKXXRZ-DRKSXK-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		